

## CV Ana Moreiras



- Datos persoais: Ana Fernández Moreiras. Nacida en Trabada, Lugo.
- Teléfono móbil: XXXXXXXX
- Enderezo electrónico: [moreiras.cachada@gmail.com](mailto:moreiras.cachada@gmail.com)
- Lugar de residencia: País de Nunca Xamais.
- Licenciada en Física de Partículas pola USC, 1994/98 e docente no ensino secundario desde o curso 2000/02.

### Experiencia laboral

É docente no IES A Cachada, Boiro, desde o 2008. Ten coordinado diversos proxectos de perfil **STEAM**: o [Club do Antifás](#), no que se xeraron propostas transmedia nas redes sociais ([Amores Prohibidos 2.0](#), 2012, xunto ó grupo de teatro [Chévere](#) e á empresa [A Navalla Suíza](#)), experiencias pioneiras en emprendemento creativo ([Eduemprende](#), 2012, xunto a Promove Consultora), proxectos de desenvolvemento e inmigración ([Encontros multiculturais](#) coa ONGD Contacto, [premio GSD Innova 2014](#)), traballos intercentros sobre novas narrativas dixitais ([EpDLab](#), 2015, creado por [Agareso](#) e [Gingko](#)); proxecto de robótica e audiovisual [STARgal](#), premio de Innovación Lingüística dese mesmo curso.

### Formación complementaria

- Formación reglada:
  - Estudos de música: Grao medio en estudos de piano.
  - Estudos de idiomas: C1 Cambridge; C2 Trinity.
- Idiomas: nivel experto en Galego e Castelán, nivel medio en Portugués.

### Competencias/Habilidades.

Coordina desde 2009 o [Festival Audiovisual Escolar Olloboi](#), un festival audiovisual de curtametraxes dirixido a todos os niveis educativos no que se dan cita rapazada, cineastas e veciñanza. No 2020 a Academia Galega do Audiovisual outorgou a este festival o Premio especial Xosé Sellier polo seu compromiso e traballo en prol da canteira do cine galego. A web do festival contén máis de 700 pezas creadas nas escolas durante os últimos 15 anos: é a única plataforma deste estilo en toda a Galicia. A asociación, ademais, proporciona formación nas aulas e material pedagóxico para axudar na alfabetización audiovisual de alumnado e profesorado.

Ten publicados dous libros de banda deseñada coa editorial Aira: Madialeva (2020), un conxunto de relatos sobre o rural galego contados por mulleres da actualidade; Xaora (2023), unha novela na que se mestura realidade e fantasía para falar das crises da chegada á vida adulta.